



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 29 DE OUTUBRO DE 2015

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D. ANTONIO RODRIGUEZ MEIZOSO

D.^a MONTSERRAT HERMIDA MONTERO

D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN

D.^a LAURA PIÑEIRO MONTES

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. DAVID RODRIGUEZ SANMARTÍN

D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e nove de outubro de dous mil quince baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 27 DE AGOSTO DE 2015. ACORDO QUE PROCEDA

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e sete de agosto de dous mil quince.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. CESIÓN GRATUÍTA DA ESCOLA VELLA DO BARREIRO Á SOCIEDADE DEPORTIVA C.E S.E. SANTA MARÍA DE CABALAR. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do expediente instruído para a cesión gratuíta do ben inmovible denominado "Escola vella do Barreiro" á Sociedade Deportiva de Cazadores C.E S.E Santa María de Cabalar tras a aprobación de inicio do expediente, previa solicitude da Sociedade, expúxose ao público no boletín oficial da provincia , non se presentando ningunha reclamación ou alegación. Polo demáis dí o Sr. Alcalde - Presidente que se reitera ao xa manifestado na derradeira Comisión informativa de asuntos do pleno realizada o día 22 de outubro de 2015.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que a postura do seu grupo non variou e consideran que hai máis locais que se lle poderían ceder á Sociedade de Cazadores Santa María de Cabalar, para facer as súas reunións e darlle outro uso ao local que se vai a ceder.

Remata a súa intervención o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, manifestando que en todo caso de cara á sinatura do Convenio de cesión deberíase de ter en conta cláusulas de reversión no suposto de que a Sociedade de Cazadores de referencia se extinga ou deixe de empregar o local.

Polo voceiro do Grupo Mixto - Partido Popular, D. Santiago Meizoso Permuy, dise que neste punto está de acordo co manifestado polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, xa que o local é todo un luxo de empregarse só para facer reunións da Sociedade de Caza Santa María de Cabalar; dí ademáis que o máis xusto sería que empregaran o local as dúas sociedades de cazadores existentes no concello.

Remata o debate do presente asunto coa intervención do Sr. Alcalde-Presidente que dí que xa se lles propuxo no seu día ás dúas sociedades de caza empregar o mesmo local e incluso fusionarse nunha sóa entidade, pero as Asembleas das citadas entidades rexeitaronno.

Sometido o asunto a votación, o pleno da corporación, por maioría de votos co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación (6 votos a favor dos Sres. /Sras. Concelleiros/as do Grupo Municipal do PS de G - PSOE, 2 votos en contra dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal de AIAC, e 1 abstención do Grupo Mixto - PP) , o Pleno da Corporación, adopta o seguinte acordo:

1º. Ceder gratuitamente á Sociedade Deportiva C.E S.E Santa María de Cabalar o ben inmovible denominado Escola Vella do Barreiro, propiedade do Concello da Capela para uso e disfrute do mesmo por esta sociedade.

2º. O ben inmovible cédese polo prazo de vinte e cinco anos, revertindo automaticamente ao Concello co transcurso do mencionado prazo. Revertirá asimesmo ao Concello se non é destinado ao uso previsto no termo máximo de dous anos.

3º. Anotar a cesión gratuíta no Inventario Municipal de Bens.

4º. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para que subscriba todas as actuacións que se deriven do mencionado expediente.

5º. Notificar o presente acordo á Sociedade Deportiva C.E S.E Santa María de Cabalar.

3. RECUPERACIÓN DE PARTE DA PAGA EXTRAORDINARIA DO MES DE DECEMBRO DE 2012 DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente ao Pleno da Corporación, da proposta da alcaldía de aboar unha única paga ao persoal funcionario e laboral do Concello por importe do 26,23% deixado de percibir como consecuencia da supresión da paga extra no mes de decembro de 2012 , neste senso faise referencia ao artigo 1º do RD Lei 10/2015 do 11 de setembro, sinala ademáis que o asunto foi informado por unanimidade na derradeira Comisión informativa de asuntos do pleno realizada o día vinte e dous de outubro de dous mil quince.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que non deixa de ser unha medida electoralista e que o que se debía devolver é todo o que se lles roubou aos funcionarios no 2012.

Remata o debate coa intervención do voceiro do Grupo Mixto - PP, D. Santiago Meizoso Permuy, manifestando estar de acordo coa proposta da Alcaldía, aínda que non coas palabras e termos usadas polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

Único. Aboar nunha única paga ao persoal funcionario e laboral do Concello o importe de 26,23% deixado de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria así como da paga adicional do complemento específico ou pagas adicionais equivalentes ao mes de decembro de 2012. O importe total da recuperación da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 para o persoal funcionario e laboral do Concello, ascende á cantidade de 3.555,72 €.

4. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 9/2015. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ao Pleno da Corporación, da redacción do expediente de modificación de créditos número 9 /2015, por importe de 9.155,72€ na modalidade de suplemento e xeración de créditos con cargo ao remanente líquido de tesourería do exercicio 2014 e transferencias de créditos para facer fronte aos gastos que figuran no expediente de referencia; polo demáis remítese ao xa manifestado na Comisión informativa de asuntos do pleno.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que non hai xa nada que engadir ao xa manifestado polo seu Grupo Municipal na derradeira Comisión informativa de asuntos do pleno.

Remata o debate coa intervención do voceiro do Grupo Mixto - Partido Popular, D. Santiago Meizoso Permuy, remitíndose tamén ao xa manifestado na Comisión informativa de asuntos do pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. Concelleiros/as, asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos número 9/2015, pola modalidade de xeración de créditos e suplemento de crédito con cargo a remanente de tesourería do exercicio 2014 e transferencias de crédito, de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	CONSIGNACIÓN INICIAL	XERACIÓN DE CRÉDITOS CON CARGO A REMANENTE	SUPLEMENTO CON CARGO A REMANENTE	TRANSFERENCIAS	TOTAL CONSIGNACIÓN RESULTANTE
I GASTOS DE PERSOAL	345.696,88€		555,72€	+3.000,00€	349 252,60€
II GASTOS BENS CORRENTES	590.174,32€		2.409,79€	-3.000,00€ +2.190,21€	614.774,32€
III GASTOS FINANCIEROS	0,00€				0,00€
IV TRANSF. CORRENTES	23.000,00€				23.000,00€
VI INVESTIMENTOS REAIS	324.350,97€	1.000,00€		-2.190,21€	323.160,76€
VII TRANSF. CAPITAL	0,00€				0,00€
VIII ACTIVOS FINANCIEROS	0,00€				0,00€
IX PASIVOS FINANCIEROS	0,00€				0,00€
TOTAL	1.306.222,17€	1.000,00€	2.965,51€	0,00€	1.310.187,68€

2º . Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no BOP.

5. DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA

Dase conta dos decretos e resolucións da Alcaldía dende o día vinte e dous de agosto de dous mil quince ata o día vinte de outubro de dous mil quince.

AGOSTO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 31.08.2015, aprobación facturas-pago

SETEMBRO:

- **PADRÓNS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 02.09.2015, sobre elaboración do padrón fiscal da taxa de prestación do servizo de recollida e tratamento de RSU 3º trimestre 2015.
- **SUBVENCÍONS:** Resolución da Alcaldía de data 03.09.2015, concesión de axuda económica para a celebración das festas de Cabalar 2015 por importe de 300 €.
- **SUBVENCÍONS:** Resolución da Alcaldía de data 03.09.2015, concesión de axuda económica para a celebración das festas de Nosa Señora de As Neves 2015, por importe de 300 €.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 04.09.2015, aprobación padrón fiscal da taxa de prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de agosto 2015.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía de data 09.09.2015, aceptación de herencia de D. Santiago Formoso Freire legada o Concello da Capela no seu estamento do ben inmovible finca rústica denominada "O Grilo e Abilleira".
- **OBRAS E SERVIZOS:** Resolución da Alcaldía de data 10.09.2015, aprobación Plan de Seguridade e Saúde no Traballo da obra promovida polo Concello da Capela e denominada "Modificación do punto de verquido da depuradora de Gunxel e adecuación do seu entorno", incluída no convenio 73/2015 da Deputación Provincial.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 10.09.2015, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 10.09.2015, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.09.2015, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.09.2015, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 21.09.2015, aprobación gasto.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 21.09.2015, concesión de tarxeta municipal de aparcamento para persoas con mobilidade reducida a D. Luis Ardao Casal.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 21.09.2015, concesión de tarxeta municipal de aparcamento para persoas con mobilidade reducida a Dna. María Luz Seijo Rodríguez.

- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 22.09.2015, cambio de enderezo de Dna. Natalia Fernández Fontela de Gunxel 1 a Estoxa 19.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 22.09.2015, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Andrés López Graña no lugar de Estoxa 19.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 22.09.2015, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. María Alvara Pita Balsa e D. Alfonso Naveiras Feal en Barbela 5.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 24.09.2015, concesión do día 25 de setembro de 2015 a funcionaria Dna. Josefina Fernández Ferreira por asuntos propios.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 28.09.2015, concesión do mes de novembro de 2015 de vacacións o traballador deste Concello D. Juan Vilar Gabeiras.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 28.09.2015, concesión do mes de decembro de 2015 de vacacións o traballador deste Concello D. Manuel Angel Corbeira Barreiro.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 28.09.2015, aprobación gasto
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 29.09.2015, concesión de vacacións a Bibliotecaria Municipal Dna. María Isabel Franco Rodríguez, no período comprendido entre o día 13 de outubro ata o día 22 de outubro de 2015 (ámbalas datas inclusive).

OUTUBRO:

- **PADRÓS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 01.10.2015, aprobación padrón fiscal da taxa de prestación do servizo municipal de abastecemento de auga potable correspondente ao 3º trimestre do exercicio 2015.
- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 01.10.2015, concesión de licenza de obras a Asociación do Cemiterio Veciñal da Capela para "Ampliación interior do cemiterio veciñal" sito no lugar de Os Chaos.
- **OBRAS E SERVIZOS:** Resolución da Alcaldía de data 05.10.2015, aprobación da certificación número un (a) da obra denominada: "Modificación do punto de vertido da depuradora de Gunxel e adecuación do seu entorno", convenio 73/2015 coa Deputación Provincial da Coruña.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 05.10.2015, concesión do día 5 de outubro de 2015 por asuntos propios o traballador D. Juan Vilar Gabeiras.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.10.2015, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.10.2015, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 06.10.2015, concesión do día 9 de outubro de 2015 a Bibliotecaria Municipal Dna. María Isabel Franco Rodríguez, por asuntos propios.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 08.10.2015, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Almudena Graña Pico, no lugar de As Neves, 105.

- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 09.10.2015, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Justiniano Gama da Silva, no lugar de A Teixeira, 7.
- **PADRÓNS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 09.10.2015, aprobación padrón fiscal da taxa de prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de setembro de 2015.
- **OBRAS E SERVIZOS:** Resolución da Alcaldía de data 20.10.2015, aprobación da certificación número dous (2) da obra denominada: "Modificación do punto de vertido da depuradora de Gunxel e adecuación do seu entorno", convenio 73/2015 coa Deputación Provincial da Coruña.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Grupo Mixto - PP, D. Santiago Meizoso Permuy, refírese a que unha vez revisados os decretos extrañalle non ver os correspondentes ás nóminas de persoal.

Polo Secretario - Interventor respóndaselle que con respecto ás nóminas só hai órdenes de transferencia que figuran no correspondente expediente mensual de nóminas.

O Pleno queda enterado.

6. MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS

Dase conta da moción presentada polos concelleiros do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo e D. David Rodríguez Sanmartín, que copiada literalmente di:

"ASUNTO: MOCIÓN PARA QUE SE INICIEN NEGOCIACIÓNS CON GAS NATURAL-FENOSA PARA QUE SE DESTINEN AS CASAS DESOCUPADAS DO POBOADO PARA ALQUILER OU VENDA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nas últimas décadas estamos vendo como se agrava o problema do despoboamento das zonas rurais de Galicia e o noso concello non é alleo a esta situación. Existen diversos estudos que analizan as causas e as consecuencias desta problemática de difícil solución a curto prazo. Aquí na Capela, ao noso entender, as principais causas están na falta de acceso ao mercado laboral e á vivenda. Estas dúas causas, sin ser as únicas, leva aos nosos mozos a ter que buscarse a vida fora do noso municipio tanto para traballar como para residir, donde encontran mellores condicións que aquí, polo que a rexeneración demográfica resulta complicada.

Pois ben, dende AIAC como grupo político con representación neste concello, queremos aportar as nosas ideas, as nosas propostas, para intentar mellorar esta

situación de despoboamento. Unha desas propostas é a que presentamos nesta moción.

Na Capela existen actualmente 22 casas da antiga Fenosa, agora Gas Natural-Fenosa, que esta compañía enerxética utiliza para as vacacións de verán dos seus empregados, polo que estas vivendas apenas se utilizan un par de meses ao ano. Por outra banda, todos somos conscientes das dificultades actuais para ter acceso a unha vivenda no noso concello, (inexistencia de construción, difícil acceso a créditos bancarios, elevado custo do solo, etc) polo que o alquiler ou incluso a venda destas 22 casas de Fenosa, ou parte delas, axudarían a que, principalmente os nosos mozos, poidan quedarse a residir aquí e así fixar poboación.

Por todo isto,

DENDE O GRUPO MUNICIPAL DE ALTERNATIVA INDEPENDIENTE DA CAPELA, PROPOÑEMOS AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL:

PRIMEIRO,- Que se teña en conta o aquí proposto e se inicien negociacións con Gas Natural-Fenosa por parte deste Concello, para que esta compañía destine esas 22 vivendas desocupadas do Poboado da Estoxa (ou parte delas) para alquiler durante todo o ano ou incluso para a súa venda como primeira vivenda a xente interesada en residir no noso concello".

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que nun principio a moción pode parecer extraña, pero no Concello da Capela hai falla de vivenda para asentar poboación e sobre todo para a xente nova, e no Poboado consta que hai sobre 22 casas baleiras case todo o ano, excepto no verán e semana santa, entón dende o Concello deberíase negociar coa empresa aos efectos de que se poidan alugar ou vender estas vivendas desocupadas a particulares.

Considera que é difícil de cumprir o previsto na moción, pero hai que intentalo.

De seguido toma a palabra o Sr. Alcalde - Presidente para poñer de manifesto que diante de todo trátase dunha propiedade privada e que é consciente que a veces estas empresas desfáñse de patrimonio pero no momento que elas decidan; dí que xa fai dous anos falou co responsable de Gas Natural, con motivo do arranxo da rede de sumidoiros no Poboado, pero a empresa non achegou ao concello ningunha proposta, non obstante estes días a través do Presidente da Deputación, volveuse a solicitar outra entrevista para tratar deste asunto.

Polo voceiro do Grupo Mixto - Partido Popular, D. Santiago Meizoso Permy, dise que a moción é case unha ilusión e pensa que o problema da Capela non son o ter 22 casas para a venda ou aluguer, senón que hai que ter xente para enchelas, e polo tanto hai que motivar aos veciños/as da Capela para que queiran quedarse a vivir na Capela, e aos que están fora que queiran voltar, polo tanto considera que a empresa Gas Natural habería que presentarlle un proxecto moito máis amplo, non que o PP da Capela está a traballar nestes intres e que dará a coñecer aos demais grupos municipais no seu momento.

Remata a súa intervención dicindo que a moción non é real e ten pouco recorrido.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que efectivamente é difícil que a empresa Gas Natural ceda as vivendas, pero que o Concello debe intentalo; é certo que hai que mirar máis amplamente as medidas que se poderían poñer en marcha para frear a caída demográfica do Concello, pero esta é unha delas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as, asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal de AIAC, referente a que se inicien negociacións con Gas Natural - Fenosa, para que se destinen as casas desocupadas para aluguer ou venda.

7. ROGOS E PREGUNTAS

1. ROGOS

Dase conta do rogo formulado polos Sres. Concelleiros Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo e D. David Rodríguez Sanmartín, que de seguido se relaciona:

"Fai uns días publicáronse pola Deputación da Coruña as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos 2015, así como do Plan de Acción Social 2015. A cantidade total destes dous plans para o Concello da Capela suma 296.620,77 euros.

Pois ben, xa se ten falado en diversas ocasións neste pleno, da necesidade de dotar á zona dos Calzados de alcantarillado. Nesta zona, aparte das vivendas existentes, encontramos a Cooperativa Campo Capela, as instalacións deportivas dos Calzados e a zona industrial deseñada no PXOM que se encontra sen desenrolar.

O Sr. Alcalde argumentou sempre que esta obra é necesaria, pero que non había presuposto para poder iniciala.

Ao noso entender, con estes dous plans da Deputación da Coruña, sería unha boa oportunidade de iniciar esa primeira fase para dotar a esta zona de alcantarillado.

Polo tanto,

Rogámoslle ao equipo de goberno que inclúa esta obra no POS e no PAS 2015 e así dar inicio a unha obra que cremos necesaria para o desenrolo do noso Concello".

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que se atende ao rogo.

2. PREGUNTAS

Dase conta das preguntas formuladas polos Sres. concelleiros do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo e D. David Rodríguez Sanmartín, que de seguido se relacionan:

1.- Xa fai máis de seis meses que se celebrou o primeiro e único consello de participación vecinal hasta a fecha. Vaise volver a convocar neste ano?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que sí que se vai a convocar.

2.- Ten o equipo de goberno algunha noticia da actual situación do novo centro de saúde?

Resposta o Sr. Alcalde que a licitación do Centro de Saúde fíxose no mes de xuño /xullo e estase pendente de coñecer a empresa adxudicataria.

3.- Na xunta de voceiros do mes de setembro, polo Sr. alcalde informouse dunha reunión co xefe territorial de Conservación da Natureza na que se iba a tratar a problemática do lobo. Celebrouse esta reunión? Chegouse a algún acordo?

Respóntase polo Sr. Alcalde que efectivamente mantivo unha entrevista coa Dirección Xeral da Conservación da Natureza, na que expuxo o tema e na que lle manifestaron que trasladarían as queixas aos estamentos superiores.

4.- En qué estado se encontra a cesión, polos seus propietarios, da parcela na que está ubicado o depósito de auga da traída municipal?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que de momento non se asinou ningunha escritura ou Convenio, pero de todos os xeitos a superficie que ocupa o depósito da auga é o basureiro, hoxe en día selado , xa quedara fóra da demanda civil interposta polos veciños.

5.- Qué solución se lle vai dar á depuradora que está na marxe esquerda da AC-121 en Vilar de Mouros e que se iba reparar con cartos do Plan E?

Respótaselle polo Sr. Alcalde-Presidente que xa no ano 2012, quíxose solucionar este asunto, e de feito redactouse un proxecto para incluír a obra nos POS 2013, pero era necesario a cesión dos terreos por parte do actual propietario, ao que se lle achegou un modelo de cesión por parte do Cocello que rechazou. O propietario fixo chegar ao concello un modelo de cesión que dende o punto de vista xurídico non é viable, xa que arroga competencias que o Concello non pode delegar nun particular, como é por exemplo o de decidir ou non quen pode verter na depuradora, a tales efectos consta no expediente un informe peticionado expresamente por esta Alcaldía aos Servizos Xurídicos da Deputación Provincial da Coruña.

Remata a súa intervención dicindo que hoxe en día non hai outra alternativa mentres o propietario non ceda os terreos necesarios para execución das obras.

6.- Estase aplicando a ordenanza municipal de corta de árbores?

Respótaselle polo Sr. Alcalde - Presidente que o Concello só aprobou a ordenanza inicialmente, pero non definitivamente, xa que despois da aprobación da Lei de Bases de Réxime Local, as competencias en Medio Ambiente Natural son da Xunta e non do Concello.

7.- Cal é o estado actual da reforma do PXOM?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente, que a vindeira semana celebrarase unha xuntanza de traballo dos voceiros dos Grupos Municipais co equipo redactor da Modificación nº 2 do PXOM.

8.- O equipo de goberno ten algún tipo de control e actuación sobre as obras que se fan sin licenza?

Polo Sr. Alcalde- presidente díse que se téñen coñecemento das licenzas que efectivamente son solicitadas polos particulares, pero nos casos de obras sen a solicitude correspondente calqueira que teña coñecemento pode denunciálo.

9.- Ten pensado o equipo de goberno solucionar este ano o problema de aparcamento na Igrexa de Cabalar, xa prometido o ano pasado?

Resposta o Sr. Alcalde - Presidente que no momento en que o concello dispoña de medios económicos vaise facer o aparcamento obxecto da pregunta.

Dase conta das preguntas formuladas polo voceiro do Grupo Mixto - Partido Popular, D. Santiago Meizoso Permuy, que de seguido se relacionan:

1. Camiños de competencia municipal: Para cando ten pensado o Sr. Alcalde incluír nos planos de arranxo de camiños os situados:

a. Xasén (entre Xasén de arriba e Xasén de abaixo).

- b. O que transcorre polo Vilar.
- c. En Fornelos camiño da Fraga vella?

A conservación e moi mala; en todos eles. Parece que a veciñanza dos lugares está a ser castigada pola indiferencia municipal.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que cando o Concello conte cos medios económicos faráse. Non hai unha data concreta, pero intentarase facer no vindeiro ano 2016.

2. Praga de roedores en Gunxel. Os veciños séguenme informando que sigue habendo ratas. Que ten pensado facer o concello para solucionar definitivamente este problema?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente, que a día de hoxe non consta ningunha denuncia ou queixa de que exista ese problema e de feito despois da pregunta formulada no derradeiro pleno ordinario de agosto enviouse á empresa de desratización para facer o tratamento do lugar.

Á vista desta pregunta pediráselle á empresa que volte a facer o tratamento de desratización.

3. Cal é o motivo de que non se poña alumeadado público no lugar de Guillurfe?. Para cando ten pensado dar ese servizo?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que hai máis dunha petición para a colocación de puntos de luz, e que en canto se dispoña dos medios económicos necesarios poñeranse os puntos de luz solicitados, previsiblemente o ano que vén.

4. PXOM: En qué situación atopase a reforma do plano? Cando se ten pensado rematalo?

Dase por respostada.

5. Reses mostrencas. Que ten pensado facer o Sr. Alcalde ante esta situación, despois da publicación do bando municipal do pasado 30 de setembro?

Resposta o Sr. Alcalde - Presidente que se están recollendo as reses en colaboración con algúns veciños que entregan as reses no matadeiro, dí que o Sr. Alcalde-Presidente que a competencia é clara da Xunta, pero que non a exerce, manifesta así mesmo que non hai ningún convenio ou acordo cos veciños para a recollida destas reses, senón colaboración voluntaria dos mesmos.

6. Despois da publicación no BOP do pasado 14 de outubro do Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos de competencia municipal (POS 2016) e do Plan de Acción Social PAS 2015. Como ten previsto distribuír esta inversión no Concello da Capela?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que se están estudando polo equipo de goberno os proxectos que se van a incluír nestes planes, pero anuncia que o que se vai a tratar é de conservar o que hai.

De seguido polo voceiro do Grupo Mixto - PP, D. Santiago Meizoso Permuy, fórmulanse as seguintes preguntas "in voce":

1ª. Xa que hai un rexistro municipal de Asociacións e entidades, poderíase obter unha copia ou listado das mesmas?

Polo Sr. Alcalde - Presidente respóndaselle que non hai inconvinte ningún, previa solicitude .

2ª . Por qué non aparecen as facturas do requeixo nos decretos de pagos?

Respóndase polo Sr. Alcalde-Presidente, que aínda están chegando e que aparecerán reflexados os pagos a medida que teñan entrada no Concello.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as once horas e dez minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,


Manuel Meizoso López

O Secretario,


José A. Meizoso Paz